



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

**REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL
SALCEDO
17/02/2016**

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- Sociedade Cultural Deportiva Salcedo
- Asociación Vai Polo Río
- AAVV San Brais-Salcedo Norte
- Asoc. Cultural Santa Rita
- AAVV Cabanas
- Asoc. Músico Cultural S. Martiño (banda de música)
- AAVV Héros do Campo da Porta
- ANPA Cabanas
- ANPA S. Martiño
- Propietarios dos terreos onde se quere construír o campo

O concelleiro delegado da parroquia Demetrio Gómez presenta aos asistentes os trámites necesarios para que se chegue a construír o campo de fútbol na parroquia.

Tras o acordo chegado coa Deputación para a construción de sete campos de fútbol, o Concello ten a intención de que sexa o de Salcedo o primeiro que se licite, e intentará mercar os terreos ao longo do ano 2016. A principal dificultade para ese proxecto é a tramitación administrativa do mesmo. Son moitos os pasos a seguir polo que o concelleiro explica un por un os trámites necesarios que xa se levan feito, e os que se terán que levar a cabo, pedindo a colaboración dos propietarios dos terreos para a axilización dos mesmos.

FASES PREVIAS

- A finais do ano 2014 preséntase a ubicación para a construción do campo
- Unha semana despois infórmase de que fai falla un informe de patrimonio polo que se teñen que facer un estudo arqueolóxico do terreo.
- 4/12/14 A Sociedade Cultural e Deportiva empeza os contactos cos propietarios para que den o consentimento para proceder as excavacións
- 25/03/15 Consíguese as autorizacións
- 25/08/15 A arqueóloga María Alfonsín Soliño responsable do estudo arqueolóxico transmite aos membros a necesidade de facer un novo informe no que se certifique a ausencia de gravados rupestres en cada parcela.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

- 26/01/16 A SCD Salcedo presenta os preacordos de venta dos propietarios para a venta dos terreos. Acórdase un precio por metro cadrado de 13 € . A partir de este compromiso o Concello pon dúas condicións para levar a bo termo a compra dos terreos.
 1. O informe arqueolóxico ten que ser favorable
 2. Todos os propietarios teñen que estar de acordo coa venta e fixen un día para a firma ante notario.

PASO A SEGUIR A PARTIR DE AGORA

- Facer unha memoria previa para o inicio do expediente (trámite parcialmente redactado)
- Obter o permiso dos propietarios para as novas catas arqueolóxicas
- O arquitecto municipal contacta co primeiro arqueólogo para pedirlle o informe arqueolóxico inicial.
- Un informe técnico ten que certificar que o precio acordado adáptase ao valor do mercado
- Unha vez que se teñan os permisos, se fagan as excavacións e o informe do arqueólogo sexa favorable, hai que elaborar un expediente previo de compra-venta (probablemente despois do verán)
- Darase un prazo de 30 días para que os propietarios presenten a documentación que demostre a titularidade das parcelas: Certificación do rexistro da propiedade (a máis fiable), escritura pública (testamentos, etc), escrituras de compra venta privada ou certificación catastral. Todas estas propiedades teñen que estar libres de cargas fiscais.
- Despois de rematar a elaboración do informe de compra venta, faise unha última comunicación aos propietarios, dándolle un prazo de 10 días para poñer un día para asinar ante notario. Para que todo este proceso sexa válido non pode faltar ningún dos propietarios. Os gastos de tramitación correrán a cargo do Concello

PREGUNTAS:

P.- Qué pasa coas propiedades que teñen mal os metros nas escrituras e tamén no catastro?

R.- As propiedades serán medidas por un topógrafo, previo permiso dos propietarios, cando existan erros de medición no catastro ou nas propias escrituras de propiedade.

P.- En que estado se atopan os proxectos complementarios pendentes: centro social, traida de auga ao pavillón e pista do Cruceiro? Como son obras pendentes do ano pasado si se van a perder eses investimentos

R.- Como o servizo de intervención pon moitos reparos polo informe de seguranza e saude, contratouse a unha empresa externa polo que todo o proceso está sufrindo certo retraso.

Con respecto á perda destes investimentos, o concellal delegado da parroquia Demetrio Gómez informa de que os cartos pendentes de gastar nun ano poderá gastarse ó ano seguinte. Ésto require uns trámites pero sobre o 24 de febreiro espérase que esté listo. Noutros concellos os remanentes do ano anterior dedícanse a pagar débeda.